



O FARELO

Nº20
Agosto de 2018
Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

Montañas do Courel candidata a Xeoparque Mundial



Páxina VI

“Hai mulleres” na capela de Santa María



Páxina VIII

Dez mil turistas en Ourense no primeiro semestre



Páxinas XII e XIII

Máis de 30.000 reservas no catamarán da Ribeira Sacra



Páxina XXI

Folk Monção “O Mundo a Dançar” volta a encantar



Páxinas XXIV



Feira da Rosca e Túnel do Viño en Sober

Páxina XIX

Entrevista



Berto Fojo,
debuxante e organizador do Gropo Gropo

“O fanzine é unha maneira de transmitir información”

Páxina III



**GASOLEOS
TEA S.L.**

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



Festa internacional no río Asneiro de Entre Ríos

Por Manuel Blanco.

Quedou demostrado o incontestable poder do conxunto das Musas de Ribas do Asneiro, que berraron o unísono e ben alto e claro ós catro ventos, cal é o vieiro polo que desexan que transite no futuro a festa do Río Asneiro que se celebrou por primeira vez o pasado domingo, día 15 de xullo, na contorna natural biosaudable de Entre Ríos, no lugar de Os Muíños, a cabalo das parroquias de Doade e Vilanova, ambas pertencentes ó Concello de Lalín. Asistiron máis de trescentas persoas que participaron activamente na ruada durante toda a tarde, ata ben entrada a noite. Todos coincidiron en calificar como un rotundo éxito: As Musas desexan que se trate, ante todo, dunha "festa universal", ou sexa "feita por todos e para todos".

O meu parente e sen embargo amigo Avelino Jácome, de Orixe Comunicación, e máis eu lle pedimos a colaboración

as asociacións veciñais e culturais cos seus responsables a cabeza. Á asociación de Mulleres en Igualdade de Vilanova, Irene Reboredo; á asociación de veciños dos Muíños, María Carmen Jácome; á asociación de veciños de Doade: Julio Varela e á asociación de veciños Vilanova, Antonio Varela. Tamén solicitamos a colaboración especial de Manuel García, o alcalde pedáneo, que por certo nos prestaron dun xeito abrumador a totalidade dos seus vecinos. Tan so queríamos pasar unha fermosa xornada de confraternidade entre os habitantes destas dúas parroquias limítrofes, unidas pola ponte de Os Muíños, punto de encontro deste evento, que sempre gozaron dunha veciñanza pacífica, exemplar e mesmo fraternal.

E así foi. Pero a maiores, fruto das sinerxias emanadas desta fantástica colaboración, ademais de montar a gran festa dos veciños, tamén contamos coa asistencia e participación doutras xentes che-



gadas, non so de diversos puntos de Galicia e do resto de España, senón doutros países, como Alemaña, Venezuela, México, Arxentina, Perú e Brasil que nos deleitaron co seu coñecemento da cultura galega, que todos eles sinten como propia.

Qué terá de especial este lugar para atraer como un imán a xentes de terras tan lonxanas, con culturas tan dispares, no que fai xa máis de 10 anos nos obsequiou coa colaboración de 20 alumnos dun campo de traballo procedentes de Rusia, Italia, Croacia, Francia, Rumanía e Grecia?

Sen dúbida, a primeira edición do evento resultou ser internacional, pero profundizando un pouco, estamos en condicións de afirmar que trátase dunha festa universal, tanto pola variopinta procedencia das xentes que aquí se achegan, como polo carácter internacional dalgunha asociación participante, recoñecida en múltiples países, como Queixumes dos Pinos da man do seu director

José Antonio Viñas.

Universalidade tamen en canto a idade dos asistentes, entre os tres e os novemta anos; a gran variedade das actividades realizadas (comida, música, baile, literatura, poesía, canto, pintura, xogos populares...); o carácter voluntario, desinteresado, altruista e mesmo social dos artistas participantes, a absoluta igualdade de rango, trato e respecto entre tódolos participantes. Estivemos aquí os que quixemos, como quixemos e con quen quixemos, pasando unha marabillosa velada ó aire libre, nun incomparable marco paisaxístico e medioambiental, que amamos con exasperada toleria.

Foi un día brillante, unha xornada única e irrepitible, unha raiola de sol no medio das tronadas da vida, o soño cumprido das persoas que, como todos nós, estamos orgullosas de ter nacido e vivir na súa aldea. Teño a absoluta certeza de que o 15 de xullo do 2018 marcou un antes e

un despois para os pobos das ribeiras do Asneiro, que por primeira vez tivemos a sorte de escoitar xuntos e con meridiana claridade a súa voz profunda e os melancólicos cánticos das centenarias cañotas dos ameneiros que beben nas súas cristalinas augas.

Todo longo camiño comeza cun paso. Este día pasará ós anales de historia do Asneiro, río tributario do pai Deza, como a data de inicio desenda que percorrermos xuntos e multiplicados con firmeza e sen mirar atrás, repetindo a súa celebración cada un dos veráns que nos queden por vivir, ata conseguir a súa consolidación definitiva e converter máis pronto que tarde a "Festa do río Asneiro" nun referente turístico, cultural e festivo para Comarca de Deza e todo o interior de Galicia.

No nome da Casa do Patrón síntome moi honrado de ter colaborado dun xeito decisivo durante preto de quince anos, na transformación radical dunha zona hinóspita e abrupta, converténdoa nunha paraxe de incomparable beleza e altísimo valor natural, cuxa única finalidade consiste en que a poidan gozar os nosos veciños, amigos e visitantes.

Parabéns ós veciños, amigos, organizadores, artistas e público participantes nesta revolución social, por crear entre todos algo tan grande e valioso, partindo da nada!



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – PORTUGAL: Hilaria Albertina Dantas Antelo - Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho – MADRID: Juan Louzán – BARCELONA: Fdez. Valdeorra – PAIS BASCO: Nicolás Xamardo – CANARIAS: Fco. Puñal – NOVA IORQUE: Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017

Por: Moncho Mariño

Berto Fojo, debuxante e organizador do Gropo Gropo

“O fanzine é unha maneira de transmitir información”

Este ano o Liceo Mutante organizou o Gropo Gropo, festival onde se reúnen as últimas creacións en fanzine de todo o estado, Galicia e Pontevedra. Un lugar para intercambio de traballos, ideas, coñecementos e novas técnicas e outras non tan novas para a edición destas publicacións tan persoais e sorprendentes. Un dos organizadores foi o debuxante e artista Berto Fojo, quen nos atendeu e deixou ver o seu parecer sobre que é o fanzine e que pode ser aínda hoxe unha forma moi válida de expresión en moitos ámbitos. Fojo organiza estas xornadas de autoedición con Natalia Umpiérrez.

-O obvio sería preguntar por que nace o Gropo-Gropo, pero se che pregunto a ti persoalmente, cal sería o elemento fundamental desta feira de fanzines?

Pois sería o intercambio de ideas e a posibilidade de ver de fronte a xente que traballa e fai fanzines. Sempre hai conversas, xente que traballa e avisa ás persoas de aquí para que visite outros festivais. Sempre naceron novos proxectos das edicións que organizamos.

-Tedes consciencia de como evolucionou o fanzine fóra de Galicia e do estado?

España sempre foi a remolque de todo. Agora co renacemento de técnicas de impresión hai un revivir do fan-

zine artístico e do cómic, así como pequenas editoriais que están facendo cousas increíbles. Tamén comeza a haber un interese por parte do mundo da arte museística, máis institucional, polo que se vén facendo, porque realmente hai moito talento. A posibilidade de liberdade dentro do fanzine permite que chegue a unhas canles nas que outras formas de arte máis institucionalizadas, máis establecidas, xa non conseguen chegar ou non teñen tanta frescura.

-Tentastes crear fondos con estas publicacións, crear depósitos ou catálogos?

Estou facendo unha tese en Belas Artes sobre fanzine. O caso é que tento acoutar o terreo porque a temática é



Berto Fojo no seu estudio. (fotografía de Jaime Olmedo)

moi grande.

-Un fanzine como medio de comunicación pode chegar a mobilizar a unha sociedade, ou un segmento social determinado como sería a xente dun barrio?

Nas propias xornadas houbo persoas que chegaron aquí sen saber que era isto dos fanzines, mesmo xente do Liceo Mutante, que cando lles propuxemos a idea non sabían moi ben de que ía a historia.

Creo que o Gropo Gropo é todo un acontecemento, dos máis amplos que se fan dentro do Liceo Mutante, porque arredor de todo un contido cultural que podería ser minoritario, xuntouse un grande número de persoas.

-O fanzine ten carga política?

Si, pero tamén é moi doado que se desvirtúe. É moi doado absorber. Un coñecido meu recibiu unha oferta de Inditex para vender unha

liña de fanzines para vender nas tendas. Tendo en conta a precariedade deste mundo, entre os debuxantes e guionistas, pois non é difícil imaxinar que alguén poda deixarse levar por ofertas como esa.

-Ao que me refiro é que se, por exemplo, existe unha actuación urbanística ou industrial discutible, un fanzine podería mobilizar ás persoas afectadas contra esa actuación?

Si, penso que si, porque é unha maneira de transmitir información, se se quere actuar nun entorno inmediato e de maneira rápida, si pode ser un medio efectivo. Ademais, esas maneiras tamén lle dan un punto máis alá do rumor dixital, porque sempre é máis difícil de contrastar. Aquí se che chega o fanzine sabes de quen che chega, sabes valorar outras cousas que doutra maneira non poderías contrastar.

-Cómico e fanzine non é o mesmo, ou si?

Non, pero é certo que hai

unha relación directa en varios puntos. Cómic é un dos temas que pode tratar o fanzine.

-Que percepción sentes entre as persoas dunha xeración máis anterior sobre o que é un fanzine?

Non hai que remontarse tan atrás, hai persoas da miña xeración que estarían no mesmo punto. Pero hai xente que nin reaccionaría. Hai moitos estímulos para responder e non só os dun fanzine.

-O próximo Gropo Gropo vaise celebrar ou non?

Pois xa veremos. Propuxemos que cando tivesemos moitas gañas o organizaríamos e que cando isto ocorrese avisariamos con tempo. Pero a ver que sensacións, que gañas e proxectos que haxa para montar o Gropo Gropo, máis que nada para manter o espírito do fanzine, que se organiza e se crea cando queres, cando podes e cando estás inspirado. Pero non queríamos crear un evento repetitivo, sen sentido, programando por programar e esa idea non me atrae.



Cartel do Gropo Gropo deste ano (de Natalia Umpiérrez)



**Nº 1 EN
FRESCOS**

**MÁIS DE 200
VARIEDADES PARA TI**

GADIS

En Confianza

ACIP, de Ponteareas, denuncia o aparcadoiro de Granitos

ACiP esixe ao goberno municipal que cese inmediatamente de usar os terreos da antiga fábrica de granitos como aparcadoiro gratuito en tanto non se adecúe a zona ás esixencias mínimas de seguridade e salubridade para que poida ser aberta ao público. Igualmente pide explicacións de por que se utiliza cando non reúne, nin de preto, esas garantías, e que se esixa ao propietario o mantemento da mesma, da forma en que se fai ao resto de propietarios de leiras en Ponteareas; máis aínda tratándose dunha parcela situada en caso urbano.

Coincidindo cunha proba ci-

clista en Ponteareas, o concello quixo recolocar varias autocaravanas -un total de oito- nesta zona. Cando os usuarios chegaron á mesma tiveron que darse volta e buscar alternativas, ante a evidente falta de seguridade e hixiene para acampar alí. A pesar de vivir esta situación neste mesmo mes, no festival Rock in Río Tea e o concello volveu habilitar a leira como aparcadoiro. Para iso utiliza unhas simples cintas de balizamento coas que separar as zonas habilitadas para tal fin.

ACiP resérvase o dereito para tomar as medidas necesarias e denunciar ante as administracións pertinentes a situación

na que se atopa o terreo e o que o concello está a facer no mesmo.

“Desde ACiP desconfiamos do acordo que existe entre o propietario da leira e o goberno de Ponteareas” sinala o portavoz, Juan Carlos González Carreira, “porque cando ao resto de veciños estáselles esixindo o mantemento correcto dos seus terreos aquí non ocorre nada. Esperamos con certa expectación o estado en que quedará a zona da antiga fábrica de granitos co novo Plan Xeral. Moito nos tememos que aquí haberán cambios para gañar edificabilidade, de aí o que estamos a vivir agora”.





www.funergal.com

Funergal

10ª Feria Internacional de Productos y Servicios Funerarios

9 y 10 de
noviembre
de 2018

OURENSE
GALICIA - ESPAÑA




CENTRO DE NEGOCIOS INTERNACIONAL

JORNADAS TÉCNICAS

MISIONES COMERCIALES

TRASLADOS INTERNACIONALES




CONSULTE INFORMACIÓN DEL PAQUETE PARA EXPOSITOR Y VISITANTE EN www.funergal.com

Organiza:




Colaboran:












Asesoría Marketing

900 1703280300 00 162781 7400280

Montañas do Courel candidata a ser declara Xeoparque Mundial

A Asociación para a promoción territorial Montañas do Courel, integrada polos Concellos de Ribas de Sil, Quiroga e Folgoso do Courel, asinou un convenio coa Deputación de Lugo por valor de 25.000 euros, para a posta en marcha durante a presente anualidade de actividades informativas e divulgativas deste territorio. A Deputación será a principal administración impulsora da candidatura Montañas do Courel para ser declarada Xeoparque Mundial pola UNESCO no vindeiro ano 2019.

O convenio asinado ten como finalidade sufragar os gastos do proxecto de promoción e difusión da candidatura que contempla, entre outros aspectos, a realización de traballos de sinalización, a creación de novas rutas turísticas na contorna, a organización de xornadas de estudo do propio territorio, ou a elaboración dunha guía turística.

O deputado provincial, Álvaro Santos Ramos, destacou que “sendo coñecedores da importancia deste recoñecemento para o desenvolvemento



Asinantes do convenio.

to económico e turístico da zona, xa no 2016, dende o goberno da Deputación decidimos sumarnos a esta iniciativa, sendo a 1ª institución pública, ademais dos propios municipios, en adherirse ao proxecto. Somos, deste xeito, a principal administración galega que traballa xunto aos Concellos de Ribas de Sil, Quiroga e Folgoso do Courel, para conseguir este distintivo da Unesco”.

O deputado engadiu que “as Montañas do Courel conforman un dos espazos naturais máis importantes e ricos en canto a fauna e flora xa

non só da provincia, senón de toda Galicia. De obter o recoñecemento por parte da UNESCO, seremos o primeiro espazo do noroeste peninsular en contar con esta distinción internacional, coa importante repercusión que isto tería para a provincia”.

A través deste convenio, a Asociación comprométese a realizar accións informativas para incluír á cidadanía dos tres Concellos implicados no proxecto co obxectivo de sumar entre todos para facer posible o recoñecemento de Xeoparque de cara á próxima anualidade.

A Deputación edita as Actas do Coloquio de Lugo 2016



Presentación das actas do coloquio de 2016.

A deputada de Cultura, Deseño e Artesanía, Pilar García Porto, presentou no Obradoiro do Libro do Centrad, o libro “In Roma nata, per Italiam fusa, in provincias manat” (A cidade romana no noroeste, novas perspectivas) que recolle os contidos do coloquio celebrado na Facultade de Humanidades no ano 2016. Fíxoo xunto a vicerreitora de Coordinación do Campus de Lugo, Montserrat Valcárcel Armesto, e os autores, María Dolores Dopico Caínzos e Manuel Villanueva Acuña. O Servizo de Publicacións da Deputación editou este volume, que distribuirá a bibliotecas, asociacións e centros culturais da provincia, ademais das universidades e institucións científicas que participaron, para promocionar e difundir o conxunto de traballos científicos que reúne o libro.

García Porto explicou que “dende o goberno da Deputación colaboramos na investigación histórica e científica da provincia coa edición desta obra, coa que se dan a coñecer traballos de primeiro nivel sobre a vangarda na investigación arqueolóxica e histórica do urbanismo romano, un antecedente fundamental na conformación das cidades tal como hoxe

as coñecemos. Nese senso quero aproveitar para felicitar aos autores e aos investigadores por reunir estes traballos de investigación dos científicos participantes no coloquio internacional celebrado no pasado 2016.”

Nas conferencias, nas que participaron 22 investigadores, ofreceuse información sobre cuestións estruturais da cidade romana. Fíxose a través de relatorios dedicados ao urbanismo, o seu dinamismo económico, a súa capacidade en converterse en modelo para os indíxenas e a forma de influír neles, co fin de amosar as razóns polas que foi o factor determinante do Estado Romano, practicamente, durante toda a súa historia, e, por tanto, a súa fundación no Noroeste foi un asunto de Estado.

Os resultados deste Coloquio Internacional celebrado no ano 2016, recollese no segundo volume da colección PHILTÁTE, coa que se pretende seguir ofrecendo estudos inéditos e novidosos sobre o mundo romano, cunha especial atención á antiga Lucus Augusti. O título, PHILTÁTE, ven do nome dunha escrava turinesa asentada na cidade de Lugo e cuxa inscrición funeraria conserva o Museo provincial de Lugo da Deputación.



A Escola de Música

A Escola Municipal de Música de Sober realizou unha excursión con viaxe en catamarán

e visita á adega Regina Viarum de Doade, para celebrar o remate do curso. Mestres, alumnos e familiares desfrutaron deste estupendo encontro.

Ocioteca de verán no colexio especial Santa María

Un grupo de alumnos do CEE Santa María foron usuarios da ocioteca de verán para nenos e nenas con discapacidade, que financia a Deputación con 10.000 euros. Estes fondos, ademais de para financiar as dúas actividades que se realizan día a día, permiten a xeración de catro postos de traballo, os dos monitores que se encargan de realizar esta actividade.

Sonsoles López Izquierdo, deputada de Benestar, apuntou ao iniciarse a ocioteca que “grazas á colaboración da Deputación, unha vintena de nenos e nenas entre 4 e 21 anos, gozará dunha alternativa de

lecer lúdico durante o verán, coa que se fomenta a participación activa dos mozos e mozas nun entorno que promove a interacción e socialización. Trátase ademais dunha axuda coa que xeramos emprego, reforzando deste xeito a actividade do tecido asociativo lucense, que realiza unha enorme labor social na provincia, suplindo, en moitos casos, o que as administracións públicas coas competencias, non fan”.

“Colaboramos nesta iniciativa, dentro da nosa aposta por converter a Deputación nunha administración coas persoas, colaborando con todos e cada un os colectivos da provincia,

na procura da inclusión social e na autonomía persoal de todos os colectivos en risco de exclusión. Estou segura de que xuntos, Deputación e familias, conseguiremos responder a unha das maiores demandas actuais da cidadanía: a xustiza social e a equidade.”

López Izquierdo apuntou que o colectivo de rapaces e rapazas con severas discapacidades é o grande esquecido nas ofertas, públicas e privadas, de actividades de tempo de lecer, pero moi especialmente a partir dos 12 anos. “É por iso polo que dende a área de Benestar, colaboramos co tecido asociativo lucense co obxecto de favorecer



A ocioteca estivo aberta cinco semanas.

o acceso e a participación dos colectivos sociais na esfera pública”, apuntou.

A ocioteca de verán contou cun equipo de cinco persoas, un coordinador e catro monitores, que realizaron actividades que fomentan o coñecemento cognitivo, social e emocional dos usuarios, tales

como, xogos populares, obradoiros e manualidades con material de refugallo, deportes e xogos adaptados, actividades de cociña, obradoiros con animais, sesións de cinema, saídas a parques, cafeterías, viaxes en bus urbano, paseos pola muralla e polo centro, e actividades en piscina.

Veterinaria prepara a renovación da acreditación europea

A Facultade de Veterinaria do campus de Lugo da USC perfila a renovación da acreditación europea por parte da Eaeve coa mellora de infraestruturas, equipamentos e servizos do hospital clínico veterinario Rof Codina. Trátase dunha actuación promovida e financiada polo padroado da Fundación Rof Codina, no que participan xunto coa USC, A Xunta de Galicia, Deputación de Lugo e Concello de Lugo, e que implicou unha inversión de máis dun millón de euros.

Darío Campos Conde, presidente da Deputación, sinalou que con este conxunto de melloras “estamos convencidos o Hospital Veterinario Rof Codina seguirá a ser un centro de referencia a nivel europeo e permitirá que a Facultade de Veterinaria de Lugo poida manter o seu distintivo internacional”. “Dende a Deputación de Lugo apostamos pola promoción da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico mediante a mellora de infraestruturas en apoio ao campus de Lugo, como

un medio para conseguir desenvolvemento social e económico da provincia”, dixo.

As achegas económicas realizadas polos patronos da Fundación Rof Codina para acometer estas melloras no hospital universitario constitúen unha axuda esencial para que a USC poida cumprir o seu “obxectivo prioritario” de que a Facultade de Veterinaria de Lugo renove a acreditación europea expedida pola Eaeve e continúa a ser un dos centros universitarios de referencia en España e en Europa, sinalou o reitor da USC, Antonio López, na inauguración das obras de remodelación do centro hospitalario, un acto no que participaron o conselleiro de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, Román Rodríguez, o presidente da Deputación de Lugo, Darío Campos Conde, a tenente de alcalde do Concello de Lugo, Ana Prieto, e o director xerente da Fundación Rof Codina, Luis Felipe de la Cruz Palomino.

A vicerreitora de Coordina-



Inauguración das obras do Rof Codina.

ción do campus de Lugo, Montserrat Valcárcel, e o decano da Facultade de Veterinaria, Germán Santamarina; o secretario Xeral de Universidades, José Alberto Díez de Castro tamén participaron nesta sesión inaugural, un acto que congregou unha nutrida representación de responsables políticos, docentes e directores e decanos de centros universitarios do campus de Lugo, así como profesionais e investigadores en formación no hospital universitario Rof Codina.

Reformas

As reformas desenvolvidas

con esta actuación no hospital Rof Codina permítenos estar en condicións de recibir o próximo mes de setembro a comisión europea encargada de avaliar os parámetros da docencia e dos servizos asistenciais, así como da investigación desenvolvida neste hospital vinculado á Facultade de Veterinaria da USC, sinalou De la Cruz Palomino. O director xerente da Fundación Rof Codina explicou asemade que os traballos realizados afectaron sobre todo á optimización de espazos e de infraestruturas básicas, cuestións que tamén

redundarán nunha mellora da calidade dos servizos que ofrecemos á sociedade e tamén na calidade da formación que recibe o noso alumnado.

O conselleiro de Educación, Román Rodríguez, dixo que a sede universitaria luguesa concentra un triángulo virtuoso de Galicia no que ao eido veterinario se refire. “A Facultade de Veterinaria de Lugo é o centro universitario de Galicia que capta máis alumnado procedente de fóra da comunidade”, sentenciou o conselleiro, para logo engadir que o Centro en Biomedicina e Veterinaria (Cebiovet), cuxas instalacións situadas a carón do hospital Rof Codina veñen de inaugurarse hai uns meses, agroma un potencial de I+d+i igual ou superior a outros centros de investigación de referencia en Europa, mentres que este hospital veterinario ofrece uns servizos e máxima calidade asistencial á cidadanía, ao tempo que contribúe de á mellorar a formación e as capacidades dos futuros profesionais.

“Hai mulleres” na capela de Santa María

A capela de Santa María de Lugo acolle a exposición “Hai mulleres”, do artista mariñán Otero Regal, ata o 26 de agosto. A deputada provincial García Porto dixo que “esta exposición é unha verdadeira homenaxe merecida á muller, a todas as mulleres que foron e serán, na que Otero Regal reivindica por riba de todo o seu profundo feminismo. Esta mostra, que se exhibe por primeira vez, está composta por 52 pezas, nas que se mestura poesía, prosa, plástica e escultura. Este proxecto conta, ademais, coa colaboración de 33 autores que realizaron escritos sobre as mulleres, acompañados por unha peza do artista mariñán”.

Otero Regal reivindica con este novo traballo o seu profundo feminismo. “Eu son feminista por encima de todo”, confesa o artista. “E fixen este traballo como unha homenaxe a todas as mulleres”. Ademais, agradeceu a colaboración da Deputación pola cesión do espazo, e anunciou que despois será exposta en Madrid e Barcelona. Durante a presentación, dous artistas que participan na mostra, Isabel Flors Aparicio e Paco Rivas, leron os seus poemas.

Esta exposición é un traballo



Alfonso Otero Regal presentado a exposición.

colectivo de poetas, literatos e xornalistas tanto casteláns como galegos, aos que o autor pediu un relato relacionado co nome dunha muller, e en cada un destes textos, o artista aporta unha obra, ben sexa un cadro ou unha escultura. Son os seguintes; Xoañ Neira, Javier Rivera, Jaime Oroza, Renata Otero, J.J., Paco Rivas, Manolo Romero Mancha, Carlos Clementson Cerezo, Santiago Lafuente Flors, Virginia Araya, Susana Obrero, María Luz Escuin, Tírsa Caja, Carlos Boves, Pedro García Cueto, José Luis Morales, Matías Muñoz Borja, Juan Pedro Carrasco García, Graciela Pelegrín, Ezequías Blanco, Isabel Flors Aparicio, Elsa López, Luis Alberto de Cuenca, Javier Lostalé, Cristóbal López de la Manzanara, Pepe Viyuela Castillo, Pablo Mosquera, X. Lombardero, Vicente Míguez, Alfonso Otero

Regal, Manuel Cortijo Rodríguez e Alicia Muñiz.

Otero Regal

Alfonso Otero Regal, (Nois-Foz, 1952) obtivo o Premio Nacional de Promoción da Artesanía en 2011. Estudou pintura con Puchades en Mondoñedo, na Escola Massana (Barcelona) e no Seminario de Estudos Cerámicos en Sargadelos. Tamén realizou un curso con Cumellas en Barcelona. Traballou no seu propio taller de cerámica utilitaria, na “Regal-Cerámicas” en Viveiro (Lugo), onde segue na actualidade. Ademais foi profesor de Cerámica en talleres e obradoiros, e profesor e promotor dun centro de formación para mozas. Tamén realizou murais cerámicos para numerosos estamentos públicos e privados, e ten obras en museos, fundacións e coleccións privadas de España, Europa, Estados Unidos e Xapón.

Sae á luz o Boletín número XV do Museo Provincial



Rivera Capón con Aurelia Balseiro e Encarna Lago.

O número XV do Boletín do Museo Provincial da Rede Museística, que comprende os anos de investigación 2012-2018, xa está editado. Trátase dunha publicación para dar a coñecer traballos de investigación sobre os diferentes fondos e coleccións existentes no Museo Provincial. No acto de presentación estiveron presentes a directora do Museo Provincial, Aurelia Balseiro, a xerente da Rede Museística da Deputación, Encarna Lago, ademais dos colaboradores deste documento.

Pablo Rivera Capón, deputado provincial, explicou que nesta nova edición “recóllense traballos de investigación sobre arte, historia, etnografía, arqueoloxía, artes visuais, etc., preferentemente sobre a provincia de Lugo, e que comprende os anos de investigación 2012-2018”. Segundo Rivera este Boletín “é un medio aberto a investigadores noveis co fin de dar unha saída, no eido da investigación, aos seus traballos. Ademais tamén se realiza o intercambio, xa que funciona como heraldo da Rede Museística con outras institucións análogas, a través da Biblioteca do Museo permútase con máis de 350 publicacións semellantes, unha boa parte de máis alá das nosas fronteiras”.

Rivera Capón remarcou que “esta nova edición do Museo Provincial de Lugo xa se converteu nunha obra de referencia pola súa calidade, e acadou a categoría de revista científica, xa que cumpría con todos os requisitos para ser considerada como tal: Comité de Redacción,

Comité Científico, colaboradores de prestixio, artigos orixinais con resumo en tres idiomas”.

O volume consta de 469 páxinas e está composto por 21 artigos realizados por 20 autores. A publicación aparece dividida en seis seccións: Arqueoloxía, Arte, Cine e Fotografía, Etnografía e Rede Museística; nesta última sección, recóllense diversos artigos de investigación relacionados cos fondos e a historia dos museos que integran a Rede Museística.

Historia

Comeza súa andaina no ano 1983, como herdeira doutro emblemático boletín: o Boletín da Comisión Provincial de Monumentos, que abarcou o período que vai dende 1941 a 1978 e que aínda hoxe constitúe unha referencia obrigada para todos os investigadores que traballan sobre a nosa provincia. E nace da man de Felipe Arias Vilas, daquela director do Museo, quen lle quixo dar unha nova liña ao xa citado Boletín da Comisión Provincial de Monumentos. Polo tanto, a filosofía deste novo Boletín era o de recoller todos aqueles traballos de investigación sobre arte, historia, etnografía, arqueoloxía, artes visuais, etc., preferentemente sobre a provincia de Lugo, que pola súa extensión ou temática non tiñan un aco- modo doado como monografías. Dende o ano 1983, e ata o 2011, esta publicación contou coa colaboración de máis de 145 autores, segundo un censo realizado por María Reboredo Marzo e Julio Reboredo Pazos.

No carro un latexar

A deputada de Cultura, Pilar García Porto, inaugurou no Auditorio Municipal de Chantada xunto con outras autoridades, a exposición “No carro un latexar”, de Lidia Castro que promove a Deputación. Esta colección recolle 25 fotografías, nas que autora reflicte a etnografía e patrimonio da Ribeira Sacra, e que foron tomadas no Folión dos Carros do ano 2017. García Porto dixo que “dende o Goberno da Deputación traballamos, colaboramos e impulsamos en todas e cantas iniciativas contribúan a poñer en valor as



Inauguración da exposición.

nosas tradicións e a nosa cultura, como neste caso o Folión de Chantada”.

Convocado o Premio Risco de Creación Literaria

O Concello de Ourense e a Fundación Vicente Risco abren a convocatoria do décimo oitavo Premio Risco de Creación Literaria, coa fin de abranguer os diferentes campos da obra Vicente Martínez-Risco e a do seu fillo Antón Martínez-Risco. Os textos a presentar deben de ser de xénero narrativo: poderán presentarse novelas, conxuntos de relatos ou ensaios; quedan excluídas da convocatoria, polo tanto, teses académicas ou traballos especificamente científicos, que teñen o seu ámbito propio no Premio Vicente Risco das Ciencias Sociais. O prazo de entrega remata o venres día 21 de setembro de 2018 e o lugar de presentación será no Rexistro Xeral do Concello de Ourense (Praza Maior, 1-Ourense 32005).

Segundo establecen as bases, poderá concorrer a este premio calquera persoa que



presente escritos inéditos da súa autoría redactados en lingua galega, de acordo coa normativa oficial vixente e cunha extensión mínima de 150 folios e máxima de 300. Os orixinais presentaranse por sextuplicado en soporte de papel en tamaño DIN-A4 mecanografiados en letra tipo Times New Roman de corpo 12.

Para garantir o anonimato das obras, os orixinais irán acompañados dun único sobre pechado, que conterá a identidade do/a autor/a (nome completo, enderezo postal e electrónico e teléfono) e o título

definitivo da súa obra, facendo constar no exterior, exclusivamente, o título ou lema da obra.

A obra gañadora será premiada con 6.000 euros e a publicación de 150 exemplares do libro -e o autor recibirá gratuitamente 25 exemplares da obra publicada-, e o premio saírá da decisión dun xurado composto por cinco persoas escollidas entre personalidades recoñecidas do mundo da literatura, sendo a presidencia exercida pola persoa designada polo Concello, aínda que se a calidade literaria das obras no fose, segundo o criterio do xurado, estimable, premio poderá declararse deserto.

O XVII premio 'Risco' de Creación Literaria recaeu na obra 'A simetría das bestas', do autor Alberto Ramos, e foi presentada nos actos do Día do Libro.

Carlos da Aira gaña o Premio Poesía Cidade de Ourense

Prender os fachos, com-
poñer os ósos', do poeta Carlos da Aira, foi a obra gañadora do 34 Premio de Poesía Cidade de Ourense. O xurado, composto por Luís Tosar, poeta e presidente do Pen club Galicia, Soedade do Muíño, profesora de lingua e literatura galegas, Edelmiro Vázquez Naval, poeta, e Fernando Fitas, xornalista e poeta gañador da edición anterior, resolveu por unanimidade concederlle o premio ao poeta alaricano.

Os integrantes do xurado valoraron a súa obra do seguinte xeito: "Alicerzado nun discurso literario despojado de artificialismos, mais presentando un conxunto de belas metáforas e un interesante vocabulario, esta obra constitúe un exemplo de como é posíbel transmitir a mensaxe, denunciar, insinuar, dar o recado, usando para o efecto, a poderosa suxestión da palabra, ao final, unha



das trabes-mestras da poesía, desempeñando así, unha das súas funcións primordiais, cuxo significado se reviste de particular significado nos días que corren".

O Premio de Poesía Cidade de Ourense está dotado cun premio de 6.000 euros máis a publicación de 150 exemplares do libro, e está aberto á participación de autores e autoras que presenten obras escritas en galego ou en portugués. O vindeiro ano, o poeta allaricense Carlos da Aira integrará o xurado da 35ª edición.

O Concello do Carballiño mellora o patrimonio etnográfico

A concellería de Medio Rural, que coordena Rosarío González, prosigue o Plan de Mellora das fontes, lavadoiros e tanques das aldeas e parroquias do Carballiño, iniciado hai dous anos e que vai xa pola terceira fase. Este plan, que se promove a través dun programa de colaboración social co INEM, permitiu contratar o pasado ano a catro persoas, tres albaneis e un peón forestal, e este ano, a tres operarios forestais, dous peóns e un albanel.

Trátase de recuperar o medio rural e poñer en valor o seu patrimonio etnográfico, centrado sobre todo naqueles elementos que son de uso común e que se atopan en peor estado. Así, dende maio a setembro, que é o período de duración dos contratos, estanse levando a cabo labores

de limpeza, selado de gretas e roza da maleza da súa contorna e camiños.

Os dous últimos anos limpáronse e arranxáronse medio cento de fontes, lavadoiros e tanques en vinteito aldeas e parroquias, e nesta fase espérase acadar a mellora doutros vinte elementos máis. No que vai de campaña neste 2018 estanse mellorando fontes, lavadoiros e tanques nas aldeas de Banga, Sagra, Seoane, A Piteira, Longoseiros, Mudelos e Santa Uxía, e intervívase noutras tantas localidades ata o mes de setembro.

O traballo que se realiza permite descubrir incluso elementos do patrimonio etnográfico que estaban totalmente ocultos, como é o caso dunha vella mina en Costoia, que estaba completamente soterrada dende había moitos anos, e



Elementos do patrimonio etnográfico do Carballiño.

que agora inténtase recuperar para devolverlle a configuración que tiña a mediados do século pasado. En concreto, esta mina xa fora reformada no ano 1947, según figura nunha placa atopada baixo a terra.



“Festa do Pulpo do Carballiño” en homenaxe ao “Centro Partido do Carballiño” en Arxentina

A “Festa do Pulpo do Carballiño” cumpre 56 anos de historia con dous obxectivos: manter a capacidade de convocatoria do pasado ano e seguir na liña de homenaxear en cada edición a un país ou cidade de acollida aos emigrantes da comarca. Nesta edición de 2018 é o “Centro Partido do Carballiño”, en Arxentina, que cumpre cen anos, a entidade que será recoñecida e homenaxeada na festa que se celebrará o domingo 12 de

agosto no parque municipal.

O alcalde, Francisco Fumega Piñeiro, dixo na presentación da festa que “máis alá das cifras do pasado ano -onde se venderon 60.000 quilos de polbo, se contou coa presenza de máis de cen mil persoas e se venderon 150.000 racións- a aposta é pola calidade porque O Carballiño conta coa romaría gastronómica máis importante de Galicia e, ademais, celébrase nunha paraxe marabillosa. Que, por certo, tamén celebra agora o seu centenario”. Fumega Pi-

ñeiro tamén salientou a aposta do Concello por conseguir o recoñecemento de “festa de interese turístico internacional”.

A delegada da Xunta, Marisol Díaz Mouteira, salientou o poder de convocatoria que ten a Festa do Polbo e anunciou que se viña de asinar un convenio de colaboración entre o Concello do Carballiño e a Xunta para potenciala. Dende a Deputación de Ourense o seu portavoz, Rosendo Fernández, reafirmou o compromiso da



Presentación da edición número 56.

institución cunha cita como a do Carballiño.

Carballiño prepara o Memorial Fusi para setembro

Dous eventos deportivos organizados polo Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, os próximos Xogos de Braga e o I Torneo Internacional de Fútbol Infantil, entre outros temas, ocuparon o tempo da reunión convocada polo Secretariado de Deportes deste organismo, celebrada no Carballiño. A reunión estivo presidida polo alcalde do Carballiño, Francisco Fumega; o presidente do Secretariado de Deportes do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, Guillermo Aguiar, e o concelleiro de Deportes, Manuel Dacal.

Tras darlle a benvinda aos representantes dos concellos e deputacións integrados na comisión de deportes do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, tanto Francisco Fumega como Manuel Dacal, agradeceron a súa asistencia e puxeron en valor a importancia



Xuntanza no salón de plenos do Concello do Carballiño.

dos eventos deportivos organizados. Sobre todo, referíronse ao Torneo de Fútbol Infantil que levará o lema de “X Memorial Fusi”. O torneo disputarase o 1 e 2 de setembro, sábado e domingo, respectivamente, e terá lugar no estadio municipal de Espiñedo e no campo de fútbol da Uceira, coa participación de oito equipos, catro de Portugal e catro de Galicia, entre os que se atopa o do

Carballiño por ser a vila organizadora.

Guillermo Aguiar tamén destacou a celebración en Braga dos próximos Xogos do Eixo Atlántico, previstos para o ano 2021, como un gran acontecemento deportivo que requiría unha boa organización e un regulamento que lle dise realce, e por iso esta reunión ía ser importante para ir sentando as bases do mesmo.

O Carballiño celebrou o Entroido de Verán



Máis de cincocentas persoas, integradas en catorce comparsas, murgas e charangas, desfilaron o sábado 14 de xullo polas rúas máis céntricas da vila durante o Entroido de Verán. Participaron as charangas que foron premiadas no entroido de inverno do Carballiño e doutros lugares da provincia e de Galicia.

Formaron parte do desfile as comparsas Ciklón, Os Solfamidás, Os Festicultores, Os 100Tolos, así como Os Silleiros Hippias de Maside, O Gran Musical do Castro de San Amaro,

Os Azucarados de Maside, Os Mexicanos, Os Arrieiros de Dacón, Tribu Samburu de Partovia e Os Picapedra de Aspadisi, ademais das charangas Castro Bello, Doctor Anchoa e Os Liborianos. A partir das 12 da noite houbo verbena na Praza Maior amenizada pola orquestra Marbella.

Pero o Entroido de Verán tamén tivo a súa vertente infantil, que se celebrou o venres 13, a partir das 10,00 h., na Praza Maior, cun obradoiro de máscaras, e desde as 11,30 h., animación a cargo do DJ Tibu.

MARTIRENA



FELIX



FUCO PRADO



Galicia

Dez mil turistas visitaron Ourense no primeiro semestre do ano

Vén de Galicia ou Madrid, visita por primeira vez Ourense e pasa unha media de día e medio na cidade das Burgas. É o perfil medio do turista que se achega á Oficina de Turismo do Concello de Ourense en busca de información ao longo do primeiro semestre de 2018, informa o Concello. Entre xaneiro e xuño visitaron Ourense 9.908 turistas, dos que 7.983 foron españois e 1.925 estranxeiros. En xaneiro a Oficina de Turismo atendeu a 668 persoas, mentres que en xuño foron 2.123, o que supón unha variación do 217%. No caso de turistas estranxeiros o diferenza de visitantes entre ambos meses foi aínda maior: un 353% (122 en xaneiro e 553 no pasado mes).

Para o alcalde Jesús Váz-

quez, as cifras reflicten que "Ourense está a converterse nun destino cada vez máis atractivo tanto para o turismo nacional como internacional". "Ourense está chamada a converterse na gran porta de entrada a Galicia, tal e como demostra o aumento de visitantes de España e, cada vez máis, de fora das nosas fronteiras", apunta o rexedor. Nesta liña considera que as sucesivas campañas en distintos puntos de España e en citas turísticas coma Fitur ou a International Mayor's Forum on Tourism de China "están a demostrar que existe un enorme interese pola oferta única da nosa cidade, unha marabillosa combinación de patrimonio artístico, termalismo e gastronomía".

O concelleiro de Termalismo Jorge Pumar salientou o crecemento sostido do turista

internacional, atraído pola presenza de Ourense no Camiño de Santiago e os seus recursos termais "ben coñecidos e valorados en toda Europa". Un incremento, apunta "que proporcionalmente é superior ao do turista nacional e, por iso, estratéxico: xa que se trata dun turista de calidade, que gasta máis e que supón, en termos de recoñecemento internacional, a mellor das promocións no exterior". Os datos manexados pola dependencia municipal situada nos Xardíns do Padre Feijóo, revelan que ao longo dos seis primeiros meses de ano se achegaron até estas instalacións un total de 12.775 persoas.

Turistas

O 77,5% desta cifra (9.908 persoas) confirmaron que a súa estadia na nosa cidade respondeu a motivos turísticos.



Asturianos en Alpendre.



Visita guiada á rúa Lepanto, antes rúa da obra onde os canteiros labraron as pedras para a catedral.



Familia de Cangas con Pepe "callos".

Bar FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Lepanto, 6
OURENSE

A DESPENSA DO FUENTEFRÍA

Afumados · Ensaladas
Croquetas de bacallau

Rúa Viriato, 7. Casco Vello - OURENSE

TABERNA DO PERICO

Petiscos e tapas
Carnes á grella
Especialidade: bacallau

988 23 11 13
628 031 105
Rúa da Unión, 2.
Casco Vello Ourense.

BARALLETE

Comida europea
cenas de empresa

Tf. 648 016 392-3
Rúa Lepanto, 23.
OURENSE

... Ven da páxina anterior.

Deste número, o 6% (603 persoas) foron peregrinos que chegaron a través da Vía da Prata do Camiño de Santiago. As outras 2.867 persoas (22,5%) acudiron en busca de información diversa: enderezos e actividades concretas, coma festivais culturais ou musicais.

A media mensual de turistas nos primeiros seis meses de ano foi de 1.651 persoas, se ben o número real foi aumentando de forma gradual dende xaneiro, no que se produciron 668 visitas, até alcanzar os 2.123 visitantes no pasado mes de xuño.

Este mesmo mes tamén revelou un importante incremento no número de persoas que se achegaron até esta instalación municipal por outros motivos. Así, a cifra disparouse dende a media mensual de 334 casos até 1.194. O principal motivo foi o aumento de consultas relacionadas coas Festas de Ourense.

Procedencia

Os turistas galegos e ma-

drileños son os que máis visitan Ourense. Un 80,5% (7.983) proceden de España. Desta cifra, o 21% (2.081 persoas) chegaron á cidade das Burgas dende a nosa comunidade autónoma, especialmente de A Coruña (1.040) e de Pontevedra (739); mentres que un 16,64% (1.649) fixérono dende Madrid e un 13,1% (1.298 persoas) dende a comunidade de Castela e León.

O turismo estranxeiro tamén se incrementou ao longo do ano. Entre xaneiro e xuño, o número de visitantes procedentes doutros países incrementouse un 353% (122 en xaneiro e 553 no pasado mes). Por países, Francia (327), Portugal (304) e Alemaña (216) foron as principais orixes dos nosos turistas europeos, aínda que se rexistraron visitantes chegados dende 31 países.

Arxentina (190 persoas) e Estados Unidos (168) concentran o turismo chegado dende o continente americano, de onde chegaron visitantes dun total de 22 países. Ademais

recibíronse turistas dende outros 25 países do mundo. Algúns tan lonxanos coma Australia (25), China (11), Xapón (14) e Dubai (5).

Os datos tamén revelan que un 79% dos turistas (7.849) visitaron a cidade por primeira vez; que un 54,5% realizaron unha estancia dun día, un 22,5% de dous días e un 23% de tres.

Peregrinos

A Oficina Municipal de Turismo tamén recolleu datos dos peregrinos que se achegaron ás súas instalacións no primeiro semestre de ano: un total de 603 persoas. O perfil medio foi o dunha persoa chegada dende o continente europeo, especialmente Francia, de onde procede o 20,2% de todos os peregrinos rexistrados. Por lugar de orixe o maior número de persoas que chegaron a través do Camiño de Santiago procedían de Francia (122), Estados Unidos (67) e Alemaña (55), aínda que se rexistraron peregrinos dun total de 26 países.



Turistas no Bar Montecarlo.



Francisco Marcos y familia, de Santander.



Carlos de Segovia.



A X “Festa da Palabra” rende homenaxe ao poeta ourensán Víctor Campio Pereira

A X “Festa da Palabra” rendeu homenaxe, na Insua dos Poetas, ao poeta ourensán Víctor Campio Pereira (de Maside) no seu 90 aniversario, falecido o pasado día 24 de xullo (en Ourense). Manuel Baltar destacou do homenaxeado o seu “ourensanismo e galeguismo” que profesou, silandeiro e firme, Víctor Campio Pereira. “Sempre a voltas coas palabras, nunha pelerinaxe constante, “nun exilio digno do acougo do amor, na matriz dunha gabiá con lentura”, como dixo dil Manuel Outeiriño, no limiar de O aire, a luz e o canto, Poésia reunida (1987-2006)”, sinalou o presidente do goberno provincial. Este libro da obra literario de Víctor Campio, será reeditado pola Deputación de Ourense en colaboración coa Fundación “Ínsua dos Poetas”, da que o homenaxeado foi patronato fundador.

“Esta décima edición consolida a “Festa da Palabra” como a cita máis importante do verán cultural non só de



O acto celebrouse en Madarnás. O Carballiño.

Ourense, senón de toda Galicia”, sinalou o presidente da Fundación Insua dos Poetas, Luís González Tosar. Na Insua dos Poetas están xa instalados dez grandes das nosas letras: Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Celso Emilio Ferreiro, Xosé María Díaz Castro, Eduardo Blanco Amor, Francisco Luís Bernárdez, Dora

e Pura Vázquez, Carlos Casares, e en 2019, estará Antón Tovar.

Premios

No acto, no que actuou como mantedor o escritor ourensán Xosé Luís Méndez Ferrín, tivo lugar a entrega dos premios “Insua dos Poetas” 2018 das súas sete categorías. O premio á categoría Medios de Comunicación foi para Cablevisión do Carballiño polo seu labor informativo en lingua galega na bisbarra carballiñesa e pola difusión da cultura. O premio á Defensa e Conservación do Medio Ambiente” recaeu na “Plataforma Mina de Touro - O Pino Non”, polo seu labor contra o proxecto mineiro a ceo aberto que afecta a varios concellos da provincia da Coruña. O premio de Artes Plásticas foi para o artista e comunicador Siro López que ten aportado unha obra sólida e vangardista na plástica, hu-

morística e profunda na escrita e sempre caracterizada por unha fina, delicada e sutil interpretación do mundo. O premio á Emigración foi para Beatriz Carballo Regueira, actual secretaria da Asociación Hijos de Zas en Bos Aires; delegada de Educación no Instituto argentino-galego Santiago Apóstol e autora de Yo, emigrante, 50 historias de galegos espallados polo mundo. Na categoría de Iniciativa Empresarial a prol da cultura, o premio foi para o presidente de Viña Costeira Adegas, Andrés Rodríguez, por manter e incrementar a longa tradición cultural da maridaxe entre o viño e a literatura, especialmente no 50 aniversario da fundación da Cooperativa do Ribeiro. O premio á categoría de Acción Social foi, nesta edición, para o presidente da Fundación San Rosendo, Benigno Moure, pola

súa sensibilidade e boa disposición, acollendo en residencias da Fundación a partícipes da vida cultural de noso, especialmente escritores como é o caso do finado Bautista Álvarez e do poeta Bernardino Graña. O premio na categoría de creación literaria foi para o escritor Bieito Iglesias, quen destaca por un uso patrimonial da lingua galega, ata o punto de que a súa escrita é un exercicio propio de linguaxe. Trátase dun autor que transcende á gran literatura europea da que Bieito Iglesias non só é lector senón que destacado intérprete. Os galardóns, que foron entregados polas autoridades asistentes ao acto, consistiron nunha peza orixinal do escultor Acisclo Manzano.

“Caste”

No acto tamén tivo lugar o develamento da peza escultórica “Caste” da autoría do tamén poeta, Luís González Tosar. “Trátase dunha peza simbólica da obra poética de Víctor Campio Pereira. Neste grupo escultórico conxúganse a expresión máis telúrica a través da deconstrución dunha roda de carro do país, elevada a unha escala de tres metros de diámetro, e elaborado cos mesmos materiais tradicionais: ferro forxado e con madeira de carballo do país, en diálogo co figurativo do home; a representación que coroa a estrutura, simbólico da forza da palabra”, explicou o autor de “Caste”.

A música durante o acto correu a cargo do grupo “Blues do País” e da Real Banda de Gaitas da Deputación.



Peza escultórica “Caste”, de Luís Tosar.

A Guarda acolle o 10 de agosto o «XI Encontro da Cultura Celta»

Como ven sendo habitual cada ano, Galicia acolle aos «Amigos da Cultura Celta», un colectiva que agrupa a máis dun cento de expertos e afeccionados de diversos países de Europa e de América para celebrar, nesta edición, o «XI Encontro da Cultura Celta», que se levará a cabo na Guarda.

O XI Encontro da Cultura Celta terá lugar o venres 10 de agosto a partires das 10:30h no Salón de Actos do Centro Cultural da Guarda, sito na Rúa Rosalía de Castro, 14.

Entre a programación de actividades para esta edición destaca o acto solemne de entrega de distincións e recoñecementos a personalidades do mundo da docencia, a investigación, a difusión da cultura e da conservación do patrimonio, amenizando a actividade con música celta.



Seguindo coa programación, visitarase a Citania do Monte de Santa Trega da Guarda, baixo as explicacións do Director de Conservación e Interpretación.

O obxectivo que persegue este colectivo é dar a coñecer, cunha perspectiva histórica e cultural, o incalculable valor do noso patrimonio celto-castrexo, potenciando o gran interese turístico-cultural que posúe tal e como o veñen facendo

outros «países celtas» dos finisterres europeos.

Ao acto, que será de carácter público, asistirán autoridades académicas e políticas, expertos na temática celta, de 6 universidades españolas e portuguesas, docentes, escritores, periodistas e destacados especialistas e intérpretes do que se considera a «música celta».

Sen dúbida será un evento cultural, dinámico, ilustrativo e divertido.

Visitas guiadas regulares e gratuítas ao Monte Santa Trega

Dende o departamento de Turismo do Concello da Guarda dáse a oportunidade de coñecer o Monte Santa Trega grazas á oferta de visitas guiadas a este espazo. Nesta tempada estival as visitas concentraranse os sábados e domingos cunha oferta de dous diferentes percorridos.

Polo tanto, as fins de semana ata finais de agosto, agás o día 12, que pola celebración do Día do Monte das Festas do Monte non se realizará visita, poderase coñecer o Monte Santa Trega acompañado dun guía.

Aquelas persoas que desexen realizar unha visita guiada completa polo emblemático monte e coñecer máis polo

miúdo o seu valor arqueolóxico, relixioso e paisaxístico, poderán participar nas saídas ás 12:30 h e ás 17:00 h do Museo Arqueolóxico de Santa Trega, MASAT. Dende alí, as e os participantes coñecerán as pezas expostas no museo e continuarán coa visita a ermita de Santa Trega para despois baixar polo sendeiro do Vía Crucis ata o Castro de Santa Trega onde se explicarán os contidos arqueolóxicos deste espazo escavado. Esta visita terá unha duración aproximada de 90 minutos.

Ademais ás 11:30 ofrecerase a oportunidade de realizar unas visitas guiadas centradas unicamente no castro, cunha explicación do xacemento ar-



queolóxico de 30 minutos.

As persoas interesadas en participar deberán presentarse á hora de saída no punto de encontro indicado. Malia que as visitas son gratuítas, competer en conta que o taxa de acceso ao Monte Santa Trega é de 1€ para as persoas adultas e de 0,50€ para os e as menores de 14 anos. Os grupos formados por máis de 10 persoas deberán reservar a súa visita previamente chamando ao Museo Arqueolóxico do Monte Santa Trega (986 610 504).

Ardentía e Milladoiro congregaron a máis de 3000 persoas en «Noites no Castelo»

O pasado sábado día 21 de xullo o Castelo de Santa Cruz da Guarda acolheu a cuarta edición de «Noites no Castelo», un festival organizado dende a Concellería de Cultura do Concello da Guarda e que está subvencionado pola Deputación de Pontevedra.

Nesta cuarta edición contouse coas actuacións dos recoñecidos grupos de música Ardentía e Milladoiro, nunha noite excepcional na que acudiron máis de 3000 asistentes para gozar da boa música feita en Galicia nun entorno máximo como é o Castelo de Santa Cruz, declarado Ben de Interese Cultural (BIC).

O grupo Ardentía cunha música tradicional galega que incorpora instrumentos coma birimbau, clarinete ou requinta, foi o encargado de abrir esta edición de Noites

no Castelo e pouco despois das 23:30h da noite un dos grupos máis importantes de Galicia, Milladoiro, fixo a súa aparición sobre o escenario de «Noites no Castelo», esta formación, cunha traxectoria de máis de 35 anos, rememorou as mellores cancións dos seus 20 traballos discográficos e as novidades de «Atlántico» o seu último disco editado este mesmo ano e do que tocaron varias pezas, amenizando e pondo o broche final a esta nova edición.

O Festival Noites no Castelo consolídase xa coma unha cita musical ineludible do calendario de verán do Concello da Guarda, pasando polo seu escenario grupos coma a Banda Crebinsky, o gaiteiro Xosé Manuel Budiño, a cantante Mercedes Peón, a gaiteira Susana Seivane ou o grupo folk A Roda.

Recepción do Mecalía Atl. Guardés



O venres 27 de xullo de 2018 realizouse no Salón de Plenos do Concello da Guarda unha recepción oficial ás xogadoras da novo plantel do Mecalía Atl. Guardés para a tempada 2018-2019.

A recepción do clube de balonmán feminino local faise co obxectivo de dar os para-

béns ao equipo que quedou de subcampión da liga, empatado a puntos co primeiro, toda unha honra ao mérito deportivo para A Guarda.

Aproveitouse a ocasión para realizar a sinatura do convenio entre esta entidade deportiva e o Concello da Guarda para subvencionar a súa actividade deportiva.

Miscelânea

Redacción

A Missão Pedagógica por Galiza do ano 1933

Por José PAZ RODRIGUES
(Académico da AGLP, Presidente da ASPGP e Professor Aposentado da Universidade de Vigo)

No dia 13 de Agosto de 1933 iniciou-se na Mesquita e Ginzo de Límia um dos mais formosos projetos educativo-culturais da Segunda República para a nossa terra galega. Sob o experimentado timão do galego Rafael Dieste, vários educadores, com o nome de missionários pedagógicos, realizaram um roteiro cultural pela Galiza, levando a arte, a música, o cinema, o teatro, os fantoches, os conta-contos, as cantigas populares, as exposições artísticas, as conferências, os livros, as leituras públicas, os jogos tradicionais, a cultura popular e outras manifestações culturais, aos lugares mais esquecidos, recônditos e abandonados.

Em todos os lugares foram recebidos com os braços abertos e com algumas reticências e receios em alguma que outra localidade. Crianças, jovens, adultos e pessoas da terceira idade, desfrutaram com as atividades que para eles se organizavam. Aproveitando que este ano se celebra o 85 aniversário da Missão Pedagógica realizada na Galiza em 1933, dirigida por Dieste, de forma sintética explicamos este formoso projeto pedagógico-cul-

tural que percorreu as quatro províncias galegas.

Muito pouco depois da proclamação da República, em 14 de Abril de 1931, cria-se por Decreto de 29 de Maio e Ordem de 6 de Agosto o "Padroado de Missões Pedagógicas". Como tinha que ser, dá-se-lhe a presidência ao grande pedagogo Manuel Bartolomé Cossío, "alma mater" deste projeto, que já o tinha concebido em 1881 e começou a madurar a princípios do século XX, levando a cabo em 1912 alguma missão nas províncias de Málaga e Tarragona. E o tema é tomado em consideração pelo governo em 1922.

Porém, foi a 2ª República a que lhe deu o empurrão definitivo e começaram a andar missões pedagógicas em numerosos lugares das diferentes comunidades espanholas. Curiosamente com menor incidência em Catalunha, agás a província de Lleida. Para dirigir a Missão Pedagógica pela Galiza, Cossío escolhe o rianjeiro Dieste, ao considerá-lo pessoa com valores humanos e intelectuais. Também porque assim eliminaria possíveis reticências dos galeguistas, dado que o projeto era do governo de Madrid. De onde saem os missionários a 11 de Agosto de 1933, com as suas camionetas carregadas de livros, gramofones e discos, reproduções de quadros famosos do Prado, projetores de cinema e de vistas fixas, documentários e filmes mudos cómicos de Charlie Chaplin.

Na Memória das Missões do período que vai de Setembro de 1931 a Dezembro de 1933, de que temos na nossa biblioteca a edição original de 1934 e a fac-similar de 1992, estão recolhidas de forma detalhada as missões realizadas por todo o território espanhol e, em concreto, a realizada do 13 de Agosto ao 17 de Dezembro de

1933 na Galiza, começando na Mesquita e Ginzo e terminando no Barco de Val d'Eorras, depois de percorrer lugares das quatro províncias galegas.

Acompanhado pelo pintor Ramón Gaya, encarregado de comentar os quadros expostos e inclusive os seus próprios desenhos realizados em cada lugar, o mestre galego da escola plurilingüe José Otero Espasandín, o estudante Arturo Serrano Plaja, o auxiliar de missões António Sánchez Barbudo, o escritor ourensano António Ramos Varela e o artista, também ourensano, incorporado um pouco mais tarde ao grupo, Cândido Fernández Mazas, a escola itinerante realiza o seu périplo galego. No mês de Agosto pelas localidades da Mesquita, Ginzo de Límia, Alhariz, Maside e Carvalhinho. Em Setembro têm o seu turno as localidades pontevedresas de Lalim, Silheda e a Estrada e as corunhesas de Boiro e Rianjo. Durante o mês de Outubro a caravana cultural visita na província corunhesa as vilas de Noia, Serra de Outes, Muros, Serres, o Pindo, Cee, Corcubión e Fisterra.

Em Novembro desfrutam das missões Carvalho, Malpica (onde se inaugura o teatro de títeres ou fantoches, com a farsa de Dieste "O estrangeiro"), Betanços, Vilalba e Riba d'Eu, com uma pequena prolongação às localidades administrativamente asturianas de Castro Pol e a Veiga de Riba d'Eu. Finalmente no mês de Dezembro os missionários vam à Fonsagrada, Baralha, Bezeirreá, Quiroga e finalizam o seu roteiro galego no Barco de Val d'Eorras. Os missionários continuam mais tarde pela comarca do Berzo.

Para fazer esta síntese documentámo-nos tomando como base as memórias antes citadas e as investigações dos dous professores galegos Porto

Ucha e Oterio Urtaza. Sem dúvida, este último foi o que mais investigou sobre este tema, dado que a sua tese de doutoramento esteve dedicada a Cossío. O primeiro pesquisou mais sobre a ILE (Instituição Livre do Ensino), que é sem dúvida a base de todo o realizado em educação no período republicano, e Cossío foi o mais importante discípulo de Giner de los Ríos, criador principal deste importante movimento pedagógico. Naturalmente, também temos em conta o manifestado por Dieste e os missionários nas correspondentes memórias já citadas e as lembranças da há poucos anos falecida, Natalia Jiménez Cossío, neta do grande educador e institucionista, que também foi diretor do Museu Pedagógico.

PALAVRAS VIVAS DOS MISSIONÁRIOS :

Preferimos que falem os protagonistas. Por isso queremos trazer aqui as suas palavras, que são a melhor testemunha do que supôs este formoso projeto :

"A primeira visão que das Missões Pedagógicas tinha o povo ao que acabávamos de chegar", diz um missionário na memória (provavelmente Dieste), "e no que íamos a permanecer a vezes seis ou sete dias, era a dum camião carregado com enormes caixas, por cima das que ia empoleirado um grupo alegre de rapa-




Carlos Velo



Cândido Fernández

zes que respondia às exclamações com que, pelo geral, eram recebidos (...). O público que especialmente procurávamos era este, o labrego e de artesãos quando existiam nas vilas.





Embora, acudia gente de todas as classes sociais, especialmente jovens, aos que atendíamos sempre da melhor maneira (...). A nossa estância significava pelo geral nas vilas, uma satisfação e um como imponderável apoio moral para os mais humildes. O mito da cultura era sentido nestes dias de convivência e acercamento mútuo como em nenhum outro momento". Ao referir-se à sua experiência com os povos do mar, o missionário diz: "O marinheiro destas costas bravas da Corunha é gente muito singela, de viva imaginação e de espírito ingénuo cultivado em tradições de cultura popular; são gente de grande curiosidade e excelente público para as Missões". Pela sua parte são muito interessantes as lembranças de Dieste contadas ao professor Otero. Resultam muito significativas as seguintes: "alguns dos muitos filmes encantadores do primeiro Charlot acompanhavam-se com a audição do Septimínio de Beet-

hoven, que lhes ficava maravilhosamente". É esta uma lembrança da esposa de Dieste, também missionária, Carmen Munhoz. À pergunta de se alguma vez houve problema com o idioma, Dieste responde: "Não. Eu falei frecuentemente em galego; mas a maior parte dos que me acompanhavam, por razões de hábito ou origem, falavam castelhano com perfeita naturalidade, encontrando sempre a mais cordial acolhida. Quando eu falava em galego, a mesma espontaneidade contribuía a que a gente não fizesse diferença". Resulta também curiosa a anedota que comenta Dieste, ao estar representando a sua farsa de títeres em Malpica: "Encomendamos o papel de "Vento" a Cândido Fernández Mazas. Era de noite, no equívoco do malentendido, e o vento assobiava segundo ia sucedendo a cena. Foi logo quando apareceu detrás do Guinhol um amigo de Mazas e, surpreendido, diz-lhe: "Hola Candidito! Qué fazes por

aquí?" e continuou assobiando". Ao falar dos missionários Dieste sinala que "o mais necessário era uma especial disposição, sinceramente fraternal, para comunicar-se com o povo, pelas nossas artes e recursos transformado em público (...). Nós nunca lhe comentamos ao povo, nen lhe sugerimos de maneira alguma, que estava num baixo nível de cultura e que tinha que elevar-se. Sempre lhe dissemos que a sua cultura tinha um valor, e que dessas formas singelas que eles conheciam tinham florescido grandes manifestações da música e da poesia popular e culta (...). Usavamos, até onde nos era possível, os recursos dos joglares, mas não como simples joglaria. Em primeiro lugar procuravamos devolver a consciência dos seus próprios valores ao povo (...). O que não fazíamos, nem nos correspondia, era propaganda política, a pesares de que alguns seitores caciquís ou de extremado e rancio conservadurismo, não só nos olhavam com receio, senão que procuravam levar este á consciência popular e inclusivê infantil". Rafael Dieste termina estas belas lembranças dizendo: "Depois de ter sido missionário, dificilmente se podia ser marrulheiro em política, fitício ou pedante em arte ou descuidado em assuntos de ética profissional".

Para entender o que eram as Missoes é muito significativo reproduzir aquí o pequeno discurso inicial da



autoria de Cossío, que abria em cada povo os diferentes actos : "É natural que queirades saber, antes de começar, quem somos e a que vimos. Não tenhades medo. Não vimos a pedir-vos nada. Ao contrário ; vimos a dar-vos de balde algumas cousas. Somos uma escola ambulante que quiere ir de povo em povo. Mas, uma escola onde não há livros de matrícula, onde não há que aprender com lágrimas, onde não se há pôr a ninguém de joelhos, onde não se necessita fazer novelas. Porque o Governo

da República que nos envia, disse-nos que venhamos antes de nada às aldeias, às mais pobres, às mais escondidas, às mais abandonadas, e que venhamos a ensinar-vos algo, algo do que não sabeis por estar sempre tão sós e tão longe de onde outros o aprendem, e porque ninguém, até agora, veu ensinár-vo-lo; mas que venhamos também, e o primeiro, a divertir-vos. E nós quigeramos alegrar-vos, entreter-vos quase que tanto como vos alegam e divertem os cómicos e titiriteiros".



CONFITERIA

Especialidade en rosquillas e melindres

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

REFORZO ESCOLAR · IDIOMAS · TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA · TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS

CENTRO DE ESTUDOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
654 07 57 51

Ribeira Sacra

Montederramo celebra as festas patronais

Montederramo (Ourense) celebra en agosto as festas da Asunción e de San Roque. Serán os días 11, 12, 14, 15 e 16. O día 11 sábado haberá cea popular ás 22 horas no claustro do mosteiro de Santa María. O menú: empana, churrasco, lacón asado, tarta xada, bica, viño da Ribeira Sacra, refrescos, cafés e licores. As persoas maiores pagarán vinte euros; as de 8 a 10 anos, quince euros e as de 5 a 7 anos, catro euros. Durante os cinco días haberá campeonatos de tute e subastado; torneo de chave, xogos populares para nenos e “noite meiga” o día 15. O festivo 15 haberá procesión da Asunción e o 16 a de San Roque. Grupos musicais actuarán durante o



Mosteiro de San María de Montederramo.

día e nas verbenas.

As visitas ao mosteiro poden realizarse as 11, 12, 13, 16 e 19,30 horas, de luns a venres. Sábados, domingos e festivos, ás 11, 13,30, 16 e 19,30 horas acompañados dunha guía turística. Na oficina municipal de turismo expenden as en-

tradas. Os visitantes de 12 a 18 anos pagarán tres euros; os maiores de 65 anos pagarán 1,50 euros. Os menores de idade, discapacitados e desempregados entrarán de balde. Os demais aboarán cinco euros. A visita guiada, de media hora de duración, realizase á igrexa

A Volta a España chegará o 5 de setembro

A Volta Ciclista a España de 2018 chegará a Ourense o próximo 5 de setembro, coa etapa número 11 que se correrá entre Mombuey e Luínta, (Nogueira de Ramuín). Unha etapa de 209 quilómetros desde a provincia de Zamora que entrará en Ourense pola Mezquita, virará na Gudiña cara ás terras do Bolo para dirixirse ás terras de Trives, primeiro, logo de Caldelas e entrar na Ribeira Sacra por Parada de Sil.

A provincia de Ourense es-

tará presente de novo nesta etapa da Volta. Farao cun vehículo coa imaxe promocional de Ourense, entre os 28 vehículos coas 16 marcas que percorren aproximadamente 400 municipais españois. Será esta a única etapa da Volta que este ano discorra por chan ourensán, xa que os equipos e os corredores desprazaranse á súa chegada a Mondoñedo, desde onde sairá ao día seguinte a etapa número 12 que finalizará no Faro de Estaca de Bares.



O Volta pasará outra vez por Castro Caldelas.

Festival do Viño en Monforte

O Festival do Viño da Ribeira Sacra foi iniciativa promovida polo Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra e o Concello de Monforte de Lemos. As marxes do Río Cabe ao seu paso por Monforte, foron durante tres días o escenario principal para a promoción e degustación dos viños da D.O. Ribeira Sacra, auténticos protagonistas do Festival que vinculan historia, tradición e cultura. Todo iso acompañado dunha variada oferta lúdica, cultural, gastronómica e turística, nun



Participaron 24 adegas de todas as subzonas da D.O.

ambiente tranquilo e relaxado para gozar de múltiples actividades deseñadas para todos os públicos.



Ribeira Sacra

Feira da Rosca e Túnel do Viño en Sober



A feira celébrase na Praza do Concello de Sober.

O Concello de Sober organiza a XXIII Festa da Rosca os días 11, sábado e 12, domingo, de agosto. Xunto con Vinosacra organiza tamén a segunda edición do Túnel do Viño de Amandi. Participarán trinta adegas da subzona de Amandi que presentarán numerosas referencias de viños blancos e tintos da man de sumilleres profesionais. O acceso ao Túnel do Viño, con aforo limitado,

costa 5 euros incluído a copa de cata-viños. O día 11 o horario é de 11,30 a 14,30 e de 17,00 a 19,30 horas. O día 12, de 11,30 a 14,30 horas.

O domingo pola mañá haberá degustación de balde de dúas mil racións de rosca con queixo do país. Na Feira van participar catro rosqueiros, tres produtores de mel, dous oleiros, tres queixeiros, dous produtores de castaña e outros artesáns.



982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo



RESTAURANTE
O XUGO

Estrada de Monforte, 1
Tfno. 982 10 35 22
SOBER (Lugo)



Ribeira Sacra

Viaxe fantástica pola Rivoira Sacrata

A Ribeira Sacra, localizada no sur da provincia de Lugo y no nordés da de Ourense, está integrada por vinteún concellos nos que se atopa a maior concentración en Europa de construcións relixiosas de estilo románico. Unha terra bañada polos ríos Sil e Miño, cos seus afluentes, que moldean a paisaxe. Todo isto, unido á fe e á espiritualidade que aínda envolve os numerosos conventos diseminados por estas terras, fai deste canto de Galicia unha aposta segura para os sentidos.

Hai que adentrarse nesta atmosfera máxica para coñecer un lugar tan especial como

Santo Estevo de Ribas de Sil (en Nogueira de Ramuín), antigo convento cuxo edificio foi totalmente rehabilitado e integrado na rede de Paradores. Outro dos conventos digno de visitar é o de San Pedro de Rocas (século VI) en Esgos (Ourense), un templo escavado en rocha viva. Ao entrar na igrexa a sensación é moi similar á de estar nunha cova primitiva. Rodeando o templo, se descubren sepulturas antropomorfas ás que a pedra, a chuva acumulada e o lique dan un verniz máxico. Hai moito máis nas ribeiras do Miño e do Sil, como as igrexas de San Paio de Diamondi (O Saviñao) e a de San Miguel de Iré, en Pan-

tón; os mosteiros de Santa Cristina de Ribas de Sil (Parada de Sil); Santo Estevo de Ribas de Miño (O Saviñao), o de Santa María de Montederramo; o castelo de Castro Caldelas; o mosteiro cisterciense das Bernardas, en Pantón; o colexio dos Escolapios e o mosteiro das Clarisas, en Monforte, ademais do parador e da torre da homenaxe.

Pero non todo é patrimonio arquitectónico na Ribeira Sacra. A súa paisaxe, formada por bosque autóctono, é o lugar ideal para que os amantes da natureza poidan percorrer distintas rutas. En Parada de Sil están os “balcóns de Madrid” dende os que se aprecia a es-



Turistas catando viños Mencía e Godello na Adega Regina Viarum

pectacularidade dos canóns colgados sobre o baleiro. En frente, ao outra lado do río, a igrexa de Cadeiras (Sober) zona na que hai oito miradoiros que miran á provincia de Ourense.

Ruta do viño

Ao falar de Ribeira Sacra tamén hai que citar o viño. A paisaxe está marcada polos

coñecidos “socalcos” ou “pataos”, viñedos en bancais situados nas abas das montañas. Os seus viños forman parte dunha das cinco denominacións de orixe vinícolas que existen en Galicia. A ruta do viño da Ribeira Sacra esténdese polos concellos de: Portomarín, Paradela, O Sa-

TOUR RIBEIRA SACRA

- Viaje Tren Turístico 1 hora por el Cañón del Sil
- Visita Vía Appia y Mirador
- Visita Bodegas Regina Viarum, con degustación
- Almuerzo típico de la Galicia interior

25€



* Precio por viajero. Grupos consultar oferta



Tren Turístico
Aba Sacra abasacra.com

Información e reservas
Teléfonos: 650 770 179
info@abasacra.com



aCantina

Restaurante dende 1947

Información e reservas:
Teléfono: 650 770 179 - info@acantina.es

acantina.es

...Ven da páxina anterior.

viñao, Pantón, Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas do Sil, Taiboadá, Chantada, Sober e Carballedo na provincia de Lugo e A Peroxa, A Pobra de Trives, Manzaneda, A Teixeira, Castro Caldelas, Parada de Sil, San Xoán de Río e Nogueira de Ramuín na provincia de Ourense. Trátase dun territorio marcado pola presenza dos ríos Miño e Sil, pero enchido de ríos menores. Definen a paisaxe as abas dos ríos cubertas de viñedo en bancais, os canóns dos ríos Mao, Sil e Miño e as numerosas igrexas e mosteiros espaxados por todo o territorio, de aí o nome de Rivoira Sacra. É esta unha visita rápida á Ribeira Sacra onde o espírito acada a paz tras percorrer os seus montes máxicos, nos que a natureza salvaxe e a fe conviven en perfecta harmonía. Guiados polas beiras do Miño ou ben navegando polos canóns do Sil, descubre cantos inaccesibles por terra onde se esconden auténticas xoias medievais entre os viñedos que fan destas paraxes un lugar moi próximo.

Máis de 30.000 reservas no catamarán

Arrincou a tempada de verán das Rutas Fluviais da Deputación de Lugo con máis de 30.000 reservas ata setembro. Así o informou o deputado de Turismo, Eduardo Vidal Baamonde, que avanzou que se ven de poñer en marcha a tempada estival das Rutas Fluviais, na que se ampliaron os horarios de visita habendo 3 viaxes por cada ruta, sumando no seu conxunto 6 viaxes en catamarán ao día.

O deputado lembrou que dende o pasado mes de marzo ata o 30 de xuño rexistráronse un total de 15.870 viaxeiros. Vidal Baamonde cualificou de moi positivo o feito de que “soamente quede o 16% de prazas libres para todo o verán, posto que a tempada acaba de comezar e xa temos practicamente unha ocupación que se achega ao cen por cento”. Sinalou que “estas rutas fluviais sempre superan as expectativas de ocupación, de feito, este mesmo ano, en marzo a tempada arrancou con 5.600 reservas, un 13% máis que en marzo de 2017”.

Horarios e rutas

O deputado lembrou que debido ao incremento de demanda durante a tempada estival, ampliáronse os horarios de saída dos catamaráns, polo que durante os vindeiros meses haberá un total de 6 visitas guiadas diarias, 3 para cada itinerario, con saídas ás 11:30 horas, ás 16:30 horas e tamén ás 19:00 horas en ambas as dúas rutas fluviais. Os catamaráns percorrerán os sete días da semana os canóns do río Sil, con traxecto embarcadero de Doade-Mosteiro de Santa Cristina-embarcadero de Doade, e o río Miño, con traxecto Belesar pobo-área recreativa de Maiorga-Belesar pobo.

A ruta fluvial polos canóns do Sil ten unha duración de 2 horas. A travesía, que comeza no embarcadero do Clube Náutico de Doade (en Sober) permite gozar dunha paisaxe de viñedos da denominación de orixe Ribeira Sacra cultivados en pendentes de gran desnivel, así como a zona máis escar-



Viaxe en catamarán polo río Sil.

pada e vertical do canón. Nas proximidades desta ruta poderanse visitar bodegas, miradoiros diferentes construcións relixiosas de estilo románico e a cerámica de Gundivós, caracterizada pola súa cor negra. O embarcadero de Doade conta con cafetería.

A ruta polo Miño, que ten unha duración de 1 hora e 45 minutos, sae desde o embarcadero do Clube Náutico de Belesar (no Saviñao) e percorre o río polo embalse de Os Peares ata a área recreativa

de Maiorga (Pantón), pasando polo meandro coñecido como O Cabo do Mundo, un dos lugares máis espectaculares da Ribeira Sacra. Desde a embarcación poderase observar a ambas as dúas marxes do río os bancais de viñedos da zona entre os que asoman igrexas e pobos. Os arredores tamén contan con adegas que se poderán visitar, ou facer sendeirismo. O embarcadero dispón dun establecemento especializado na gastronomía da Ribeira Sacra.



HOTEL **
HOSTAL *
PUENTE
ROMANO



MONFORTE

Cafetería 982 403 309

Hotel 982 411 167 - 982 403 551

Fax. 982 411 168

Pl. Dr. Goyanes, 6 . Paseo Malecón

puenteromano@hpunteromano.com

www.hpunteromano.com

Éxito da estrea de “Depodesafío 2018” con máis dun centenar de deportistas na primeira proba entre Tomiño e A Guarda

Brais Misa e Ariana González venceron na carreira de 14 quilómetros marcada polas altas temperaturas

A Deputación de Pontevedra inaugurou con éxito o seu novidoso programa deportivo “DepoDesafío 2018” cunha carreira a pé de 14 quilómetros que uniu os concellos de Tomiño e da Guarda. Nesta proba, na que participaron un centenar de deportistas, cruzaron a liña de meta en primeira posición Brais Misa, en categoría masculina, e Ariana González, en feminina que recibiron os seus trofeos nunha entrega á que asistiron a deputada Montse Magallanes e o deputado Santos Héctor Rodríguez.

O atleta Brais Misa finalizou a proba nun tempo de 49 minutos e 48 segundos, con 24 segundos de vantaxe sobre o segundo clasificado, Jose Carlos Ferreira. Pola súa banda, Ariana González chegou a meta da Guarda en 58 minutos e 44 segundos, clara gañadora por diante de Mónica Mezquita, que parou o tempo en 1 hora, 2 minutos e 19 segundos.

Tanto Brais como Ariana lideran actualmente a clasificación xeral do “Depo Desafío 2018”. Ao finalizar todas as probas organizadas pola institución provincial gañarán a muller e o home que rematen ao menos 4 probas e consigan o maior número de puntos. Tanto a gañadora como o gañador recibirán un trofeo e un dorsal personalizado e intransferible para o maratón de Berlín, voo e aloxamento para el/ela e acompañantes.

Tras a celebración desta carreira a pé, na que sorteáronse dous voos a Valencia, a segunda cita do “DepoDesafío 2018” será unha travesía a nado de 1.200 metros entre o paseo marítimo do Grove e a Illa da Toxa. Para esta proba, para a que xa están anotadas 90 persoas, a inscrición segue aberta.

Amais, despois da travesía a nado, o “DepoDesafío 2018” chegará á Cañiza cun trail de aproximadamente 15 quilómetros que levará aos e as parti-



cipantes a alcanzar as cimas de montes con espectaculares vistas. Despois desta proba a seguinte será en Cerdedo-Cotobade, onde celebrárase unha proba BTT cun percorrido en bicicleta de aproximadamente 35 quilómetros. Por último, o primeiro fin de semana de outubro, Vigo acollerá un triatlón en distancia sprint (750 metros a nado, 20 quilómetros en bicicleta e 5 quilómetros de carreira a pé) que porá punto e final a primeira edición do

“DepoDesafío 2018”.

As inscricións para todas as probas deste programa da institución provincial poderán realizarse a través da web da Deputación (<https://www.depo.gal/depodesafo/probas>). Todas as persoas interesadas poderán anotarse individualmente a cada proba ou tamén poderán facer a inscrición para todas xuntas..

“Depo Desafío 2018” enmárcase no Plan Estratéxico de Deportes e consiste nun novidoso proxecto dirixido a

persoas maiores de 18 anos no que se combinan probas deportivas como carreira, bicicleta e natación. Os principais obxectivos deste programa son popularizar estas probas deportivas, ao tempo que se dan a coñecer as extraordinarias vilas e paraxes por onde se desenvolven, así como promover e concienciar á poboación sobre a práctica do deporte popular no medio natural dunha maneira respectuosa, sustentable e responsable.

O Concello investirá 350.000 euros en remodelar o campo de fútbol do Alivio

O campo de fútbol municipal do Alivio vivirá un importante lavado de cara nos próximos meses. O Concello de Tomiño executará unha profunda reforma do estadio, onde a principal actuación será a substitución integral do actual do céspede natural por un de herba artificial. O obxectivo, en palabras do concelleiro de Deportes, Ismael Troncoso, “é dotar ao

campo do Alivio da máxima utilidade. O que queremos é que poidan utilizalo cantos máis equipos mellor”. O paso de céspede natural a artificial permitirá ademais ao Concello aforrar un considerable gasto en termos de mantemento.

Ademais, executarase unha nova rede de drenaxe (canalizacións, arquetas e pozos de rexistro; unha nova rede de rego (equipo de presión

programador, sondas electrónicas de nivel...) dotarase ás instalacións dun novo equipamento deportivo, que incluírá, entre outras moitas cousas, porterías. Outra das actuacións destacadas será a instalación dunha nova iluminación. Substituiranse os proxectores existentes por novos proxectores led, que permitirán tamén conseguir un aforro importante para as



arcas municipais.

O Concello sacará próxima-mente as obras a licitación e desexa que as actuacións estén rematadas en outubro. O or-

zamento da actuación é de 350.000 euros, investimento que foi aprobado con cargo ao Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.

Exposição em Monção que integra a XX Bienal de Cerveira

PreginACTION - uma cartografia da Pós Saudade" é o nome da exposição promovida a partir de domingo em Monção, na Galeria Municipal - Cine Teatro João Verde, no âmbito da XX Bienal Internacional de Arte de Cerveira. Juntando-se à Alfândega da Fé, o concelho de Monção é o segundo polo expositivo a testemunhar em 2018 a descentralização cultural do evento, apresentando 20 artistas de nacionalidade portuguesa e espanhola.

Sublinhando a condição raiana da bienal mais antiga do país e da Península Ibérica, 10 artistas portugueses e 10 es-



Obra de Do Carmo Vieira

panhóis debatem a vanguarda que une estes dois países, tão próximos na sua história. Num projeto que procura recuperar o espírito do grupo ATLÁNTICA, surgido em 1980, estes autores geracionalmente próximos, dão corpo a uma exposição que se diversifica nas linguagens e se

intensifica nas mensagens, combinando pintura, vídeo, fotografia e novos média.

"O objetivo da descentralização cultural tem sido sobretudo criar espaços de encontro, interação e divulgação de ideias e criar oportunidades de projeção para artistas nacionais e internacionais e esta mostra cumpre precisamente com esse desígnio", refere o Presidente da Fundação Bienal de Arte de Cerveira, Fernando Nogueira.

A exposição, que estará patente até 23 de setembro, tem como curadores Antón Sobral Iglesias, Helena Mendes Pereira e Ricardo de Campos.

De recordar que, assinalando

os seus 40 anos e voltando-se a realizar em anos pares, a XX Bienal Internacional de Arte de Cerveira regressa este ano, voltando a marcar o calendário

nacional de eventos de 10 de agosto a 23 de setembro, sob o tema "Artes Plásticas Tradicionais e Artes Digitais – O Discurso da (Des)ordem".

Artistas espanhóis: Alejandra Lago Aleandre, Erik Rade, Yatir Fernandez, Carmen Hermo, Maria Xose Dominguez, Tino Canicoba, Miguel Pereira, Basilisa Fiestras Cachafeiro, Xulio Gil, Anton Sobral.

Artistas portugueses: Bruno Marques, Do Carmo Vieira, Ricardo De Campos, Alexandre Rola, Agostinho Santos, Henrique Do Vale, Patrícia Oliveira, Marco Rodrigues, Manuela Pimentel, Raúl Ferreira.

Data da exposição: 29 de julho a 23 de setembro 2018

Horário: Aberto de terça a sexta-feira, 14h00-18h00

Morada: Largo da Alfândega 1, 4950-432 Monção

O Crochet Sai à Rua em Cerveira

Vila Nova de Cerveira volta a vestir-se de crochet e a surpreender pela criatividade e perfeição dos trabalhos. Oito encantadoras bonecas, um exuberante pavão, a fachada de uma casa particular totalmente forrada, e muito mais. Em cada canto e esquina, várias e coloridas surpresas de dimensões consideráveis. A 3ª edição d' 'O Crochet Sai à Rua' está a decorrer até 30 de setembro, graças ao en-



volvimento da comunidade, comerciantes, Juntas de Freguesia e IPSS's.

Centenas de pessoas envolvidas e de novelos de lã, vários meses a trabalhar. Há ruas totalmente ornamentadas em crochet com arcos festivos, com toldos de flores, a fachada de uma casa minuciosamente forrada a crochet e com peças e miniatura que não passam despercebidas a quem passa. A marcar o início e final de cada rua, eis que se vislumbram umas figuras

enormes. São 7 bonecas e um 'cavalheiro' com cerca de 2,5 metros cada, totalmente vestidas em crochet pelas Juntas de Freguesia, ostentando vestidos de gala, trajes alto-minhotos, e até personagens conhecidas da Disney – a Mini e a Emília do Sítio do Picapau Amarelo. Mas há ainda borboletas, vasos, motas, bicicletas... uma inimaginável quantidade e qualidade de obras de arte em crochet que merecem ser visitadas.



VIII Travesia a Nado da Eurocidade Tui-Valença

O sábado, 4 de agosto celebrase a VIII Travesia a Nado da Eurocidade Tui-Valença. Unha proba que este ano terá carácter popular cunha distancia de case 1000 metros entre o Caís de Valença e a praia da Mariña en Tui. A saída será ás 11 hora española coincidindo coa pleamar.

A inscrición, de balde, está aberta ata o propio 4 de agosto ás 10 hora española a través da web acuaticasminho.com. Agárdase unha participación cercana ao centenar de nadadores e nadadoras, xa que ate hoxe hai xa preto de cincuenta inscritos. Todos eles serán agasallos cunha camiseta conmemorativa. Para participar é obrigatorio o uso de gorro de natación, e está permitido o uso

de aletas e neopreno.

A organización corresponde á Eurocidade Tui-Valença xunto a Actividades Acuáticas Minho SLU, coa colaboración do club Natación Baixo Miño, os Bombeiros Voluntarios de Valença e Actividades Acuáticas Alto Minho.



Folk Monção “O Mundo a Dançar” volta a encantar

**Espectáculos entre 29 de julho e 6 de agosto.
Presença de 9 grupos dos 5 continentes que atuam
em 9 concelhos do Alto Minho e 2 da Galiza.**

Reconhecido pelo CIOFF desde 2006, o Folk Monção “O Mundo a Dançar”, decorre, entre 29 de julho e 6 de agosto, em 9 concelhos do Alto Minho (exceção é Viana do Castelo) e 2 da Galiza (Salvaterra de Miño e Vila Nova de Arousa). Monção recebe espetáculos na Praça Deu-la-Deu e em Ponte de Mouro, freguesia de Barbeita.

Os espetáculos, com início às 22h00, são todos gratuitos, contando com a participação de agrupamentos vindos de 9 países: África do Sul, Argentina, Bielorrússia, Buriácia, Colômbia, Espanha, Taiti, Ucrânia e Portugal. Os cinco continentes num espetáculo de dança, música e partilha de ideias.

Além dos espetáculos, realiza-se no primeiro dia, em Ponte do Mouro, Barbeita, uma festa convívio com todos os grupos participantes, organização, entidades, patrocinadores e voluntários. No dia 2 de agosto, quinta-feira, a partir das 10h00, decorrem ateliês de dança e desfile dos grupos pela feira semanal e ruas da vila de Monção.

O festival é visualizado por dezenas de milhares de pessoas, contando, entre organização, participantes e voluntários, com cerca



de 600 pessoas, dos quais 120 voluntários. Os participantes ficam alojados na EB 2.3 de Monção em beliches nas salas de aulas.

Quanto aos espetáculos realizados na Praça Deu-la-Deu, galas de abertura e encerramento, este ano serão colocadas bancadas à volta da “sala de visitas de Monção” para uma melhor

Largo de Santiago recuperado

Após décadas de avanços e recuos, a “Recuperação da Envolvente da Capela de Santiago, em Barbeita”, obra adjudicada pela autarquia monçanense no valor de 71.546,89 €, é uma realidade.

A inauguração e bênção foi precedida por uma missa na Capela de Santiago, celebrada pelo Padre Américo Alves com acompanhamento do Grupo Coral de Merufe. Na cerimónia esteve presente o autarca monçanense, Antonio Barbosa, os vereadores com pelouro, João Oliveira, Natália Rocha e Duarte Amoedo, bem como o presidente da Junta de Freguesia de Barbeita, João Sousa.

O largo é agora um espaço digno e acessível à fruição da população, constituído por pequenas áreas ajardinadas, muro de granito



recuperado, passeios normalizados e espaço central do largo em cubo de granito.

As bases dos dois cruzeiros foram regularizadas e, entre ambos, criado um passeio pavimentado em cubo de granito. Paralelamente, foram criados espaços de estacionamento

PROGRAMA 2018

29 DE JULHO – DOMINGO

BARBEITA

Gala D’Aliança – Largo da Ponte do Mouro – 22H00

Grupos: Bielorrússia – Espanha – Portugal – Ucrânia

30 DE JULHO – SEGUNDA-FEIRA

PAREDES DE COURA

Espectáculo no centro da vila – 22H00

Grupos: Bielorrússia – Buriácia – Colômbia – Espanha

SALVATERRA DO MIÑO

Espectáculo nas muralhas – 22H30 (Hora de Espanha)

Grupos: África Sul – Argentina – Taiti – Ucrânia

31 DE JULHO – TERÇA-FEIRA

MONÇÃO

Recepção oficial aos grupos pelo Município de Monção

Gala Deu – La – Deu – Centro da vila – 22H00

Grupos: África Sul – Argentina – Bielorrússia – Buriácia – Colômbia – Espanha – Portugal – Taiti – Ucrânia

1 DE AGOSTO – QUARTA – FEIRA

ARCOS DE VALDEVEZ

Espectáculo no Anfiteatro junto da Ponte Nova – 22H00

Grupos: Argentina – Buriácia – Colômbia – Ucrânia

CAMINHA

Espectáculo no centro da vila – 22H00

Grupos: África Sul – Bielorrússia – Espanha – Taiti

2 DE AGOSTO – QUINTA – FEIRA

MONÇÃO

Desfile – Ateliers de dança (Percurso pela feira semanal e várias ruas da vila) – 10H00

Grupos: África Sul – Argentina – Bielorrússia – Buriácia – Colômbia – Espanha – Taiti – Ucrânia

PONTE DE LIMA

Espectáculo no centro da vila – 22H00

Grupos: Argentina – Espanha – Taiti – Ucrânia

VILA NOVA DE CERVEIRA

Espectáculo no Terreiro – 22H00

Grupos: África Sul – Bielorrússia – Buriácia – Colômbia

3 DE AGOSTO – SEXTA-FEIRA

MELGAÇO

Espectáculo no largo da Câmara – 22H00

Grupos: Argentina – Buriácia – Colômbia – Ucrânia

PONTE DA BARCA

Espectáculo no centro da vila – 22H00

Grupos: África Sul – Bielorrússia – Espanha – Taiti

4 DE AGOSTO – SÁBADO

VALENÇA

Espectáculo no Jardim Municipal – 22H00

Grupos: Argentina – Bielorrússia – Buriácia – Espanha

VILA NOVA DE AROUSA

Espectáculo no Xardin Umbrio – 22H30 (Hora de Espanha)

Grupos: África Sul – Colômbia – Taiti – Ucrânia

5 DE AGOSTO – DOMINGO

MONÇÃO

Gala do Alvarinho/encerramento – Centro da vila – 22H00

Grupos: África Sul – Argentina – Bielorrússia – Buriácia – Colômbia – Espanha – Taiti – Ucrânia